

JURADO PROVINCIAL
DE
MONTES VECINALES EN MANO COMÚN
LUGO

46/78

En la ciudad de Lugo a diecisiete de diciembre de mil novecientos setenta y nueve, reunido el Jurado Provincial de Montes Vecinales en mano común, en la Sala de Juntas del Gobierno Civil, acordó la clasificación del monte "NEVOEIRO, OUTEIRO, PENALBA, GANDARA Y CHA", como monte vecinal en mano común a tenor de la siguiente resolución:

Visto en el día de la fecha el expediente de clasificación -- del monte "NEVOEIRO, OUTEIRO, PENALBA, GANDARA Y CHA", expediente n° 46/78, del ayuntamiento de Bóveda, ha promovido a instancia de la Administración Forestal y,

RESULTADO.- Que con fecha 31 de marzo de 1.978, el Jurado -- Provincial de Montes Vecinales en mano común, acordó la iniciación y tramitación del expediente de clasificación del monte "NEVOEIRO, OUTEIRO, PENALBA, GANDARA Y CHA", designando como Instructor al vocal DON DASIO CARBALLEIRA TELLA.

RESULTADO.- Que con fecha 5 de mayo de 1.978, se dictó providencia por la que se da comienzo al expediente de clasificación del monte "NEVOEIRO, OUTEIRO, PENALBA, GANDARA Y CHA", expediente n° 46/78, poniendo por cabezas del mismo copia de acuerdo -- del Jurado Provincial y la documentación aportada.

RESULTADO.- Que con fecha 5 de mayo de 1.978, se dictó providencia, acordando requerir al ayuntamiento de Bóveda, para que aportara:

a) Certificación del Registro de la Propiedad, relativa a la inscripción del monte "NEVOEIRO, OUTEIRO, PENALBA, GANDARA Y CHA", de 379 Ha. sito en la parroquia de Remesar, b) Certificación del inventario de bienes municipales, relativa al monte "NEVOEIRO, OUTEIRO, PENALBA, GANDARA Y CHA", c) Certificación del acuerdo -- municipal, relativa al Consorcio con la Administración Forestal para la repoblación de dicho monte.

RESULTADO.- Que con fecha 5 de mayo de 1.978, se acordó recabar de la Administración Forestal I.C.M.A., certificación relativa a si el monte "NEVOEIRO, OUTEIRO, PENALBA, GANDARA Y CHA" -- figura incluido en el Catálogo de los de Utilidad Pública de la provincia de Lugo.

RESULTADO.- Que con fecha 5 de mayo de 1.978, se remitió e -- dicte al ayuntamiento de Bóveda, poniendo en conocimiento de todos los interesados la incoación del presente expediente de clasificación, a fin de que pudieran comparecer e intervenir en él -- en defensa de sus derechos e intereses.

RESULTADO.- Que con fecha 12 de julio de 1.978, se recibió -- certificación del Instituto Nacional para la Conservación de la Naturaleza, en la que conste que el monte "NEVOEIRO, OUTEIRO -- PENALBA, GANDARA Y CHA", sito en la parroquia de Remesar, del ayuntamiento de Bóveda, no forma parte de monte alguno de los del Catálogo de Utilidad Pública de la provincia de Lugo.

RESULTADO.- Que con fecha 19 de junio de 1.978, se recibió -- certificación del ayuntamiento de Bóveda, en la que consta que -- en el inventario de bienes municipales, de este ayuntamiento, en la parroquia de Remesar, figuran incluidos los siguientes montes: "PENALBA, OUTEIRO, CHA, NEVOEIRO Y AGROLOMBO". Asimismo certifica que no aparece comprendido monte ninguno con el nombre de -- "GANDARA".

RESULTANDO.- Que con fecha 19 de junio de 1.978, se recibió - certificación del ayuntamiento de Bóveda, en la que consta que el presente edicto permaneció expuesto al público en el tablón de anuncios durante el tiempo correspondiente.

RESULTANDO.- Que en el expediente de investigación que figura unido en cuerda roja, consta que en el caso presente no -- hicieron declaración alguna los vecinos interesados.

RESULTANDO.- No se recibió ninguna reclamación contra la clasificación del citado monte.

RESULTANDO.- Que en cumplimiento del acuerdo del Jurado de fecha 30 de octubre de 1.978, en el apartado 12 se requirió al ayuntamiento de Bóveda, para que ampliara información sobre el verdadero nombre y delimitación de los montes.

- RESULTANDO.- Se recibió escrito del Sr. Alcalde de Bóveda, -- fecha 8 de octubre de 1.979, en el que dice que los nombres de los montes de la parroquia de Remesar, de 379 Ha, son: **NEVOEIRO**, " **AGROLONGO**", " **PENALBA**", " **OUTEIRO**", " **CHA**", " **GA DARA**", .

Complimentado lo ordenado por el Jurado Provincial, en sesión de 30 de octubre de 1.978, y comprobada la denominación y -- delimitación de los montes.

- RESULTANDO.- que en la instrucción del expediente de clasificación se han cumplido los trámites y formalidades que establece la Ley de montes vecinales en mano común de 27 de julio de 1.968 y su Reglamento de 26 de febrero de 1.970, así como -- la Ley de Procedimiento Administrativo de 17 de julio de 1.958 -- vistas las citadas leyes y Reglamento y disposiciones de -- pertinente aplicación.

-- CONSIDERANDO.- Que el Jurado Provincial de montes vecinales en mano común, tiene competencia y jurisdicción para conocer -- del expediente, el cual fue promovido por la Administración Forestal con capacidad y legitimación para ello, habiéndose formulado la iniciación y tramitación del expediente en lugar, -- forma y tiempo, todo ello, atener de lo dispuesto en los artículos 10 y 11 de la Ley de montes vecinales en mano común y 10 y 18 de su Reglamento.

CONSIDERANDO.- Que para determinar si un monte merece la clasificación de vecinal en mano común, se hace preciso concretar -- si en el mismo concurren los requisitos reales que establecen -- la Ley de montes vecinales en mano común de su artículo 1º así como el artículo 1º de su Reglamento a saber:

a) Que su pertenencia esté atribuida a determinados vecinos agrupados en aldeas, lugares o parroquias, en calidad de tales -- en proindivisión con independencia de su origen en comunidad -- germánica o mano común, b) Que tal comunidad de vecinos no esté constituida formalmente en entidad municipal.

- CONSIDERANDO.- Que el monte " **NEVOEIRO**, **OUTEIRO**, **PENALBA** -- **GA DARA** **Y CHA**", está perfectamente identificado, tanto por el ayuntamiento de Bóveda, como por la Administración Forestal, y en tal concepto fué consorciado, asimismo fué identificado por los vecinos que comparecieron en el expediente de investigación unido los cuales se consideran con derecho a los aprovechamientos que sobre el citado monte pueden obtenerse a partes iguales.

CONSIDERANDO.- Que cualquiera que hubiese sido la propiedad -- de monte en tiempos remotos los efectos de la prescripción extraordinaria regulada por el artículo 1.959, del Código Civil legitiman la titularidad de los actuales aprovechadores.

Este Jurado Provincial, a la vista de los antecedentes y -- consideraciones reseñadas, ha acordado:

1º.- Clasificar el monte " **NEVOEIRO**, **Y AGROLONGO**", " **PENALBA**", " **OUTEIRO**", " **CHA**", **GA DARA**", perteneciente a los vecinos de la parroquia de Remesar, del ayuntamiento de Bóveda.

2º.- Que se emita certificación de la resolución firme de --

este Jurado al "registrador de la Propiedad, para la inscripción --
del monte a nombre de la comunidad titular del mismo, a tenor de--
lo dispuesto en el apartado a) del artículo 30 del Reglamento de -
Montes Vecinales en Mano Común.

[Handwritten signature]

[Handwritten signature]

[Handwritten signature]

[Handwritten signature]

[Handwritten signature]

[Handwritten signature]

Prov.*	Munic.*	Comunidad Prop.*	N. monte
LU	8	6	1

CLAVE DEL MONTE

• 3.- ESTADO FISICO

Ref. Índice

3.1 SITUACION. ALTITUD. ACCESOS.

Estos montes de la parroquia de REMESAR están formados por varias parcelas independientes, separadas entre sí por las fincas particulares. La llamada "NEVOEIRO", la más importante, sitúa da en el extremo S.O. del término parroquial, limitando con más monte de las parroquias de Teilán y de Martín. Las restantes están situadas en la esquina N.E. del término parroquial; "PENALBA" con continuidad con monte del mismo nombre de la parroquia de Villarbuján; "OUTEIRO" que también tiene continuidad con montes en término municipal de Paradela; "GANDARA" y "CHA" enclabadas entre fincas particulares.

El terreno es bastante accidentado, con fuertes pendientes en las parcelas del N.E. y más suaves en el "NEVOEIRO"; las altitudes oscilan entre los 500 y 787 m.

Los únicos accesos directos son los caminos de servicio desde los pueblos; el NEVOEIRO tiene fácil acceso desde la carretera local de Rubián a Pales de Rey.

3.2 SUPERFICIE.

En conjunto, 379 Has., obtenidas mediante planimetrado sobre 1/25.000.

3.3 LINDEROS.

Los del término parroquial son:

Prov.*	Munic.*	Comunidad Pop.*	N.º monte
LU	B	6	1

Ref.º Índice

CLAVE DEL MONTE

•••
3.3

N.- Término municipal de Paradela.

E.- Términos y montes de la parroquia de Villarbuján.

S.- Términos y montes de las parroquias de Teilán y de Martín.

O.- Término municipal de Saviñao.

3.4

DESCRIPCION DEL PERIMETRO.

El perímetro del término redondo de la parroquia de REMESAR, comprendiendo todos los montes, las fincas particulares y los mismos pueblos, puede describirse empezando por el extremo N.O. en Pena Parada, donde están las "tres rayas" de este término municipal de Bóveda, con los de Saviñao y de Paradela.

Por el N. divide con término municipal de Paradela desde Pena Parada siguiendo la mojonera hacia el E. por Pena Garrida y Pena Espiño hasta Pena Grande.

Por el E. divide con términos y montes de la parroquia de Villarbuján, desde Pena Grande bajando por una loma hacia el S.E. por Penedo do Corvo y después cruzando términos en la misma dirección hasta Campaza la Vella.

Por el S. divide con términos de la parroquia de Teilán desde Campaza la Vella cruzando hacia el S.O. por Fonte de Nubes y Penedo do Porco, subiendo después por la loma de Pena Ribadela o Vela al Alto de Agrolongo, antes del cual ya empieza a dividir con montes de la parroquia de Martín, con los que baja hacia el N.O. a Madre de Catalpie, de donde después cruza hacia el O. hasta Penedo das Moscas.

Por el O. divide con término municipal de Saviñao desde Penedo das Moscas, siguiendo la mojonera hacia el N. por Fuente Blanca hasta Pena Parada, donde se comenzó.

Prov.*	Munic.*	Cantidad Prop.*	N° monte
LU	B	6	1

Ref.* Índice	CLAVE DEL MONTE
3.5	<p>OBSERVACION SOBRE LIMITE CON FINCAS PARTICULARES</p> <p>El límite de estos montes con fincas particulares no puede ser muy preciso si se tiene en cuenta que éstas han invadido terrenos de monte que han sido parcelados. Se ha llegado con los límites de éste hasta donde existe seguridad o duda razonable de que pueda pertenecer al monte de referencia.</p> <p>En caso de que estos montes llegaran a ser calificados como vecinales en mano común, tal vez fuera necesario un deslinde parcial de los mismos en tal colindancia con particulares, siguiendo los criterios tenidos en cuenta en tal calificación</p>



Lucía Belver Quiroga, secretaria do Xurado Provincial de Montes Veciñais en Man Común,

CERTIFICO:

Que na sesión celebrada polo xurado provincial o día **30 de novembro de 2015**, figura o seguinte acordo:

<< **4. Varios:**

h) Monte **NEVOEIRO E AGROLONGO, PENALBA, OUTEIRO, CHÁ E GÁNDARA** (expediente 46/78), pertencente aos veciños da parroquia de **REMESAR**, do concello de **BÓVEDA**, clasificado polo Xurado con data 17 de decembro de 1979. Como consecuencia da entrada en vigor da **Lei 7/2012 de montes de Galicia**, e coa finalidade de levar a cabo o establecido na **Disposición transitoria décimo terceira**, con respecto á revisión de esbozos de montes veciñais en man común, o Xurado, na reunión celebrada o 17 de setembro de 2012, acordou solicitar do Servizo de Montes a realización de propostas de revisión e elaboración de cartografías actualizadas dos montes veciñais da provincia susceptibles de tal adecuación. Con data 10 de abril de 2015, tivo entrada escrito presentado por Gonzalo Fernández Carreira, como presidente da xunta reitora do monte, no que **solicita** que se proceda á revisión do esbozo conforme á documentación que adxunta. Con data 21 de setembro de 2015, o Servizo de Montes, elabora unha proposta de novo esbozo para o monte **NEVOEIRO E AGROLONGO, PENALBA, OUTEIRO, CHÁ E GÁNDARA**, quedando o monte cunha superficie de 370,45 hectáreas, de conformidade coa nova cartografía. Examinada a devandita proposta, o Xurado, por unanimidade, **ACORDA**, aceptala e proceder á oportuna incorporación do esbozo ao expediente, e constancia a nivel do Rexistro de Montes Veciñais en Man Común, de conformidade co dito.>>


E para que conste, para a súa remisión á **Xerencia Territorial do Castastro**, e sen prexuízo da ulterior aprobación da **ACTA** da sesión á que se fai referencia, expido este certificado co visto e prace do xefe territorial da Consellería do Medio Rural, presidente do xurado.

Lugo, 18 de febreiro de 2016



V. e pr.
O xefe territorial
Presidente do xurado

José Ramón Losada Fernández.



 XUNTA DE GALICIA		CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL E DO MAR Departamento Territorial de Lugo Servicio de Montes			
Plano de: Revisión de esbozo do monte veciñal en man común de Nevoeiro e Agrolongo, Penalba, Outeiro, Chá e Gándara (exp 46/78)		Monte: MVM de Nevoeiro e Agrolongo, Penalba, Outeiro, Chá e Gándara Superficie previa 493,22 Ha Superficie posterior 488,25 Ha		Parroquia Remesar Municipio: Bóveda	
Escala: 1:20.000		Plano 4. Monte revisado			
				Área de Montes Veciñais Lugo, 22 de setembro de 2015 Fdo. Santiago Fraga Sáenz Enxeñeiro de Montes	



XURADO PROVINCIAL DE MONTES VECIÑAIS EN MAN COMÚN.

Expediente nº: 9/2015

RESOLUCIÓN

PRESIDENTE:

D. José Ramón Losada Fernández

VOGAIS:

D. Ramón Rozadillas Valverde

Dna. Josefina Pereira de la Riera

D. José Antonio Rojo Fernández

SECRETARIA:

Dna. Lucía Belver Quiroga

Na cidade de Lugo, o día 18 de novembro de 2016, o Xurado Provincial de Montes Veciñais en Man Común, constituído polas persoas que á marxe se relacionan, reunido na sala de xuntas da Xefatura Territorial da Consellería do Medio Rural, adoptou a seguinte **RESOLUCIÓN**: Visto no día da data o expediente número 9/2015 para a posible clasificación como veciñal en man común do monte **REMESAR (AMPLIACION)**, no concello de **BÓVEDA**, iniciado por acordo do xurado do 30 de novembro de 2015, sendo vogal instrutor **D. RAMON ROZADILLAS VALVERDE**, e resultando os seguintes:

ANTECEDENTES DE FEITO

PRIMEIRO: Aceptado o cargo polo vogal instrutor (2-12-2015), iniciase o expediente 9/2015 **(a instancia de Gonzalo Fernández Carreira, como presidente da xunta reitora do MVMC de Remesar)** eponse, como encabezamento, a certificación da **acta** da sesión do xurado na que se acorda a iniciación do expediente e o nomeamento do vogal instrutor.

SEGUNDO: O día 16-3-2016 solicítase ao Servizo de Montes, da Xefatura Territorial da Consellería do Medio Rural, certificación relativa a se o monte de referencia figura incluído ou non no catálogo dos de Utilidade Pública da provincia de **Lugo**.

TERCEIRO: O día 17-3-2016 recíbese un certificado do Servizo de montes, da Xefatura Territorial da Consellería do Medio Rural, no que consta que o monte **REMESAR (AMPLIACIÓN)** non figura incluído no catálogo dos de utilidade Pública da provincia de **Lugo**.

CUARTO: O día 16-3-2016 solicítanselle os seguintes documentos ao **Rexistro da Propiedade de Monforte de Lemos**:

- Certificación dos asentos que poidan afectar ao terreo en cuestión, con indicación do nome das persoas a favor das que estea inscrito, título de adquisición, liberdade de gravames ou cargas de calquera clase, inscritas ou anotadas, e que estean vixentes na actualidade, segundo os asentos
- Certificación de se algunha das devanditas cargas fora obxecto de transmisión ou estivese afecta a algunha responsabilidade, e as limitacións de dominio e condicións ou accións resolutorias ou rescisorias que estean vixentes na actualidade.

QUINTO: O día 22-4-2016 recíbese unha comunicación do rexistro da propiedade de que non é posible identificar debidamente as fincas aos efectos de expedir o certificado solicitado.



SEXTO: O día 30-5-2016 comunícaselle a iniciación do expediente ao **Servizo de Montes**, da Xefatura Territorial da Consellería do Medio Rural.

SÉTIMO: O día 30-5-2016 comunícaselle ao **Concello de Bóveda** a iniciación do expediente e envíaselle un **EDICTO** para a súa colocación no taboleiro de anuncios do concello, nos lugares de costume e nos asentamentos dos lugares e parroquia aos que pertence o monte.

OITAVO: O día 30-5-2016 comunícase a iniciación do expediente a Avelino Novoa Rodríguez, como presidente da xunta reitora da comunidade de Remesar.

NOVENO: O día 30-5-2016 comunícase a iniciación do expediente ao **Rexistro da Propiedade de Monforte de Lemos** e solicítase a **ANOTACIÓN PREVENTIVA**.

DÉCIMO: O día 30-5-2016 envíase un **EDICTO** para a súa publicación no Diario Oficial de Galicia (DOG) e no Boletín Oficial do Estado (BOE) ca finalidade de comunicar a todas as persoas interesadas a iniciación do expediente e así poidan comparecer e intervir nel, na defensa dos seus dereitos e intereses.

DÉCIMO PRIMEIRO: O día 13-6-2016 aparece publicado o **EDICTO** no **DOG** número 111, páxina 21124, mediante o que se publica a iniciación do expediente de clasificación do monte **REMESAR (AMPLIACIÓN)**

DÉCIMO SEGUNDO: O día 17-6-2016 aparece publicado o **EDICTO** no **BOE** número 146, no Suplemento de Notificacións da Comunidade Autónoma de Galicia.

DÉCIMO TERCEIRO: O día 5-8-2016 recíbese unha notificación do Rexistro da Propiedade de Monforte de Lemos da suspensión da anotación preventiva, debido a que os datos aportados resultan insuficientes para practicar os asentos solicitados.

DÉCIMO CUARTO: O día 15-7-2016 ten entrada un escrito de alegacións asinado por Antonio Vázquez Díaz, en representación da comunidade do MVMC de Teilán, no que expón que unha parte da peza nº 9, proposta na clasificación, pode afectar a terreo propiedade de Teilán, atopándose a comunidade nun proceso de solicitude de información que permita determinar con maior exactitude a delimitación entre ambos montes, que manifesta será aportada no menor prazo posible e remata solicitando a suspensión do procedemento de clasificación debido á necesidade de aclarar a pertenza.

DÉCIMO QUINTO: O día 18-7-2016 foi presentada unha certificación do Concello de Bóveda conforme a que o edicto estivo exposto no taboleiro de anuncios dende o 7-6-2016 durante un prazo de 30 días.

DÉCIMO SEXTO: O día 18-10-2016 foi solicitado un informe ao Servizo de Montes, en relación coas alegacións presentadas pola comunidade de Teilán.

DÉCIMO SÉTIMO: O día 07-11-2016 o Servizo de Montes emite un informe con respecto ás alegacións presentadas pola comunidade de Teilán, e no que se conclúe que comprobouse a través da oficina virtual do Catastro a titularidade catastral das parcelas que forman a peza nº 9 e se constatou que figuran a nome do MVMC de Nevoeiro de Agrolongo (exp. 46/78). tamén comprobouse o esbozo do monte Agrolongo e Alto de Pico, confirmándose que a superficie clasificada non solapa coas zonas de ampliación solicitadas.

DÉCIMO OITAVO: O día 26-10-2016 comunícaselle ao representante da comunidade de **Remesar** o dereito da comunidade á elección de dúas persoas que poderán asistir (con voz pero sen voto) á reunión do xurado na que se estude o expediente do monte **REMESAR (AMPLIACIÓN)**.



FUNDAMENTOS DE DEREITO

1. O Xurado Provincial de Montes Veciñais en Man Común ten competencia e xurisdición para coñecer o expediente. Esta competencia élle atribuída polo artigo 9 da Lei 13/1989, do 10 de outubro, de montes veciñais en man común.
2. Examinada a documentación do presente expediente, e tendo en conta as alegacións presentadas, realízanse as seguintes consideracións:
 - A Comunidade de Teilán, manifesta ter certas dúbidas en canto á posible inclusión da peza sinalada no presente expediente co nº 9 en terreo da súa propiedade, baseándose na manifestación que din que realizan veciños de maior idade con respecto a que o límite entre as parroquias de Teilán e Remesar é un marco que existía na cocíña da casa de Penacoba, que se atoparía uns 350 metros mais ao Norte da delimitación marcada no plano de ampliación do monte de Remesar.
 - No informe solicitado ao Servizo de Montes, compróbase que a titularidade de todas as parcelas catastrais que forman a peza nº 9 figura a nome do MVMC de Nevoeiro e Agrolongo (Exp. 46/78) e que a superficie clasificada no monte Agrolongo e Alto de Pico (Teilán – Exp. 49/78) non solapa coas zonas de ampliación.
 - Non existe aportado documento algún que fundamente o alegado por Teilán, pese ao tempo transcorrido desde a presentación do escrito, e cabe ter en conta que, en todo caso, os montes deberán ser deslindados posteriormente por acordo entre as comunidades afectadas, momento en que poderán delimitar con precisión e exactitude os puntos de colindancia, que no fondo é a discrepancia que está a manifestar a comunidade de Teilán.
3. De acordo co artigo 1º da devandita lei, son montes veciñais en man común os que, con independencia da súa orixe, as súas posibilidades produtivas, o seu aproveitamento actual e a súa vocación agraria, pertencen á agrupacións veciñais na súa cualidade de grupos sociais e non como entidades administrativas, e se veñan aproveitando consuetudinariamente en réxime de comunidade sen asignación de cotas polos membros daquelas na súa condición de veciños.
4. Examinada a documentación do presente expediente e analizadas as alegacións presentadas, cabe manter o comprobado no estudo previo, realizado polo Servizo de Montes coa elaboración da carpeta-ficha, e aceptar a proposta do instrutor.

Atendendo, ao tipo de aproveitamento comunitario que presenta, considérase que o monte de **REMESAR (AMPLIACION)** reviste o carácter de veciñal en man común, conforme ao disposto no artigo 1 da devandita lei.

Vistos os antecedentes de feito e os fundamentos de dereito anteriores, o Xurado Provincial de Montes Veciñais en Man Común, **RESOLVE:**

CLASIFICAR como veciñal en man común o monte coas seguintes características:

Nome:	REMESAR (AMPLIACIÓN)
Pertenza:	veciños/as da parroquia de REMESAR
Parroquia:	REMESAR
Concello:	BÓVEDA
Superficie:	117,78 hectáreas



Estremas da zona de ampliación:

Peza de monte 1:

Norte: Polígono 34, parcelas 183 (subparcelas a,b,c) e 185 (subparcelas a,b,c, d)

Leste: Polígono 34, parcelas, 171 e 172; polígono 37, parcelas 718, 719, 699, 698, 697, 529; Polígono 34, parcelas 210.

Sur : Polígono 34, parcelas 22, 23, 24, 25, 26, 27, 28 e 189.

Oeste: Polígono 34, parcelas 42, 191, 47, 52, 122, 203, 123, 116, 117, 202 e 217.

Peza de monte 2:

Norte: Polígono 23, parcela 2535, 2467, 2432 (concello de Paradela)

Leste: Polígono 34, parcelas 54, 56, 57, 58, 72, 71, 73, 74.

Sur: Polígono 34, parcelas 9022 (camiño)

Oeste: Polígono 34, parcela 198

Peza de monte 3:

Norte: Polígono 34, parcela 116; polígono 36, parcela 9011 (camiño)

Leste: Polígono 36, parcelas 337, 694, 9011, 334, 328, 9013, 326, 625, 626, 627 e 566

Sur: Polígono 36, parcelas 9018, 586, 587, 576, 597 e 598.

Oeste: Polígono 36, parcelas 601, 607, 602, 628, 629, 9012, 637, 638, 639, 640, 641, 642 e 643; polígono 34, parcela 9019 (camiño)

Peza de monte 4:

Norte: Polígono 36, parcela 329

Leste: Polígono 36, parcelas 9016, 301, 312, 311, 307, 306, 305, 304 e 303

Sur: Polígono 36, parcelas 9013 e 563.

Oeste: Polígono 36, parcelas 568, 565, 321, 323, 322, 324, 325, 326, 327 e 328.

Peza de monte 5:

Norte: Polígono 36, parcelas 575, 574, 573, 572, 557, 556, 555, 554, 553, 9018 e 9019.

Leste: Polígono 36, parcelas 9020, 486, 489, 490, 491 e 495.

Sur: Polígono 36, parcelas 583, 582 e 580

Oeste: Polígono 36, parcelas 579, 577 e 576.

Peza de monte 6:

Norte: Polígono 36, parcela 9019, 483, 9023 e 477.

Leste: Polígono 36, parcelas 507 (subparcelas a, c) e 514.

Sur: Polígono 36, parcelas 515, 516, 517, 521 e 523.

Oeste: Polígono 36, parcelas 503, 504, 502, 501, 500, 498, 491, 489, 487 e 506.

Peza de monte 7:

Norte: Polígono 36, parcelas 775 e 726.

Leste: Polígono 36, parcelas 725, 721, 720, 719, 718, 872, 714, 685 e 709

Sur: Polígono 36, parcela 710.

Oeste: Polígono 36, parcela 514.

Peza de monte 8:

Norte: Polígono 37, parcelas 684, 688, 421, 422, 423, 9042, 424.

Leste: Polígono 37, parcela 140.

Sur: Polígono 37, parcelas 829, 792, 789, 655, 663, 664, 643, 640.

Oeste: Polígono 37, parcelas 639, 632, 683 e 682.

Peza de monte 9:

Norte: Polígono 37, parcelas 779 e 269.

Leste: Polígono 37, parcela 782; polígono 38, parcelas 867; polígono 39, parcela 9037 (estrada)

Sur: Polígono 38, parcela 783.

Oeste: Polígono 38, parcelas 459 e 774; polígono 37, parcelas 429 e 9027 (camiño)

Peza de monte 10:

Norte: Polígono 32, parcela 558.

Leste: Polígono 7, parcela 106; polígono 69, parcelas 291, 22, 20, 21, 14 e 12 (do Saviñao)

Sur: Polígono 32, parcelas 9021 e 1.

Oeste: Polígono 32, parcela 9050 (estrada LU-611)

Tendo en conta esta ampliación, o MVMC da comunidade de REMESAR conta cunha superficie de **493,22 hectáreas.**

Lugo, 18 de novembro de 2016





Juan Carlos López Seijas, secretario en funcións do Xurado Provincial de Montes Veciñais en Man Común de Lugo,

CERTIFICO:

Que na sesión celebrada polo xurado provincial o día **6 de marzo de 2018**, figura o seguinte acordo:


Monte NEVOEIRO E AGROLONGO, PENALBA, OUTEIRO, CHÁ E GÁNDARA (expedientes 46/78 e 9/2015), pertencente aos veciños da parroquia de REMESAR, no termo municipal de BÓVEDA. O servizo de montes, en informe emitido con data 15 de decembro de 2017, detecta un erro na superficie do monte, derivado da revisión de esbozo aprobada polo Xurado na reunión do 30 de novembro de 2015 e ampliación da clasificación aprobada polo Xurado con data 18 de novembro de 2016, na que non se tivo en conta a devandita revisión de esbozo. Segundo informa o servizo de montes, no expediente de ampliación non se tivo en conta a cartografía corrixida pola revisión de esbozo, polo que proceden a elaborar un novo plano que recolle todos os cambios a nivel gráfico e de superficie. Considerando o disposto no artigo 109.2 da lei 39/2015, que establece que as Administracións Públicas poderán rectificar, en calquera momento, de oficio ou a instancia dos interesados, os erros materiais, de feito ou aritméticos existentes nos seus actos, proponse **corrixir o erro quedando o monte cunha superficie de 488,25 ha.** En vista do anterior, o Xurado, por unanimidade, ACORDA rectificar o erro constatado e proceder ás oportunas correccións no expediente de conformidade co informe do Servizo de Montes.

Para que conste, expido este certificado co visto e praxe da xefa territorial da Consellería do Medio Rural, presidenta do xurado.



Asinado por: VILLAVERDE VIEITES, SONIA
 Cargo: Xefe do Servizo de Montes
 Data e hora: 15/12/2017 09:41:42

CVE: 01YqBBR18
 Verificación: <https://sede.xunta.gal/cve>



XUNTA DE GALICIA		CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL E DO MAR Xefatura Territorial de Lugo Servizo de Montes		
Plano de: Ampliación da superficie de clasificación do M.V.M.C. Nevoeiro e Agrolongo, Penalba, Outeiro, Chá e Gándara. Expediente: 46/78 - 9/2015		Monte: M.V.M.C. Nevoeiro e Agrolongo, Penalba, Outeiro, Chá e Gándara Expediente: 48/76 - 9/2015 Perleza: C.M.V.M.C. Remesar Concello: Bóveda Sup. previa: 370,45 ha Sup. posterior: 488,25 ha		
Escala: 1:15.000	Base Cartográfica: Cartografía Raster (IGN) Coordenadas UTM_29-Sist. Ref. ETRS89	Visto e prace O xefe do Servizo de Montes (Asinado electrónicamente) Carlos Vázquez Díaz	Lugo, 15 de decembro de 2017 A enx. técnica en topografía (Asinado electrónicamente) Sonia Villaverde Vieites	

Asinado por: VAZQUEZ DIAZ, CARLOS
 Cargo: Xefe do Servizo de Montes
 Data e hora: 15/12/2017 12:14:33

Lucía Belver Quiroga, secretaria do Xurado Provincial de Montes Veciñais en Man Común de Lugo,

CERTIFICO:

Que na sesión celebrada polo xurado provincial o día **17 de marzo de 2023**, figura o seguinte acordo:

MVMC **Nevoeiro e Agrolongo, Penalba, Outeiro, Chá e Gándara** (exp. 46/78-9/2015), pertencente aos veciños da parroquia de Remesar, no concello de **Bóveda**.

O 29.7.2020 tivo entrada unha solicitude (mellorada o 3.12.2021) presentada pola comunidade de Remesar para pedir autorización para a compra da parcela catastral 27008A037007780000LK.

Esta compra foi autorizada pola Xefatura Territorial do Medio Rural de Lugo por resolución do 18.3.2022, e o 10.1.2023, a comunidade de Remesar presentou a escritura notarial de compravenda da devandita parcela.

Con data 13.2.2023, o Servizo de Montes elaborou unha memoria (**2020_36**) na que se especifican as modificacións que se producen como consecuencia da incorporación da parcela 27008A037007780000LK no MVMC **Nevoeiro e Agrolongo, Penalba Outeiro, Cha e Gándara**, que pasa a ter unha superficie de **488,52 hectáreas**.

O artigo 53.3 da Lei 7/2012 de montes de Galicia establece que *as adquisicións de terras por compra deberán ser motivadas pola comunidade veciñal [...], e requirirá da autorización previa da Administración forestal [...]. As terras adquiridas mediante compra serán cualificadas polo respectivos xurados provinciais de MVMC como montes veciñais en man común e non poderán ser obxecto de permuta por un período mínimo de vinte anos.*

En vista do anterior, o xurado, por unanimidade, ACORDA clasificar como veciñais en man común os terreos adquiridos pola comunidade, e proceder á actualización correspondente no expediente, de conformidade coa memoria técnica elaborada polo Servizo de Montes.


Para que conste, expido este certificado co visto e praxe da presidenta do xurado.

Lugo, data da sinatura electrónica




A secretaria do xurado
Lucía Belver Quiroga

Visto e praxe
A presidenta do xurado
M^a Olga Iglesias Fontal





Asinado por: FRAGA SAENZ, SANTIAGO
 Cargo: Xefe Área Técnica MMCM e Ordenación de Montes
 CVE: 990UyEVvcQt1
 Verificación: https://sede.sede.xunta.gal/cve

 XUNTA DE GALICIA	
Plano de: Bóveda_46/78_9/2015_2020_36 Ampliación domonte veciñal en man común de Nevoeiro e Agrolongo, Penalba, Outeiro, Chá e Gándara como consecuencia da	
Monte: Nevoeiro e Agrolongo, Penalba, Outeiro, Chá e Gándara Pertenza Veciños de Remesar Superficie previa 488,25 Ha Superficie do predo 2748 m2 Superficie posterior 488,52 Ha	
Municipio: Bóveda	
Escala: 1:15.000	Plano 2. Monte posterior
Coordenadas UTM_Sist. Ref.: ETRS89	
Viso e prace O xefe do Servizo (asinado dixitalmente)	O xefe de área (asinado dixitalmente)
 Monte_posterior	 Parcela_comprada



Lucía Belver Quiroga, secretaria do Xurado Provincial de Montes Veciñais en Man Común de Lugo,

CERTIFICO:

Que na sesión celebrada polo xurado provincial o día **18.3.2025**, figura o seguinte acordo:

MVMC **Nevoeiro e Agrolongo, Penalba, Outeiro, Chá e Gándara**, pertencente aos veciños da parroquia de Remesar, no concello de **Bóveda**. Expediente Bóveda/46_78.

O 28.11.2023 tivo entrada unha solicitude da comunidade de Remesar mediante a que solicita autorización para levar a cabo unha permuta dos terreos con referencias catastrais 27008A037007620000LH e 27008A037007710000LQ, pertencentes á comunidade de montes, a cambio dos terreos de propiedade particular con referencias catastrais 27008A037003900000LP, 27008A037004030000LQ, 27008A037005060000LA e 27008A037005070000LB.

A este procedemento asígnaselle o número de expediente **2023_64**.

Tralo informe favorable, emitido o 11.12.2023 polo Servizo de Montes sobre a proximidade e semellanza de valor dos terreos, o 4.4.2024 elevaron a permuta a escritura pública.

O 22.11.2024 o Servizo de Montes elaborou unha memoria na que se recolle a modificación que se produce no MVMC **Nevoeiro e Agrolongo, Penalba, Outeiro, Chá e Gándara**, como consecuencia da permuta. A superficie que resulta é de **488,57 hectáreas**.

De acordo co artigo 9 do Decreto 260/1992, do 4 de setembro, que regula a Lei 13/89, do 10 de outubro, de montes veciñais en man común, dáselle conta ao xurado.


Examinada a documentación presentada, o xurado, por unanimidade, ACORDA tomar constancia da permuta realizada e incorporala ao expediente do monte.

Lugo, data da sinatura electrónica

A secretaria do xurado
Lucía Belver Quiroga

Visto e prace
A presidenta do xurado
M^a Olga Iglesias Fontal





Predios implicados na permuta
Monte post



CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL
 Xefatura Territorial de Lugo
 Servizo de Montes

Plano de:
 Modificación do MVMC de "NEVOEIRO E
 AGROLONGO, PENALBA, OUTEIRO, CHÁ E
 GÁNDARA" (exp. 46/78) como consecuencia de
 permutas de terreos
 Carpeta: Bóveda_46/78_2023_64

Monte: NEVOEIRO E AGROLONGO, PENALBA, OUTEIRO, CHÁ E GÁNDARA
 Pertenza: Veciños de Remesar
 Concello: Bóveda
 Superficie previa: 488,52 ha
 Superficie posterior: 488,57 ha

Escala: 1:15.000

PLANO 5: Situación do monte posterior

Visto e prace
 O xefe do Servizo de Montes

O xefe de área

ETRS89-UTM 29N

(asinado dixitalmente)

(asinado dixitalmente)

CVE: 7HsF0aCz5x2
 Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

